



Nota de prensa

Insignia líder na comercialización de peixe fresco sustentable

EROSKI INCORPORA A PRIMEIRA REFERENCIA DE ATÚN CLARO EN CONSERVA EN ACEITE DE OLIVA CON CERTIFICADO MARINE STEWARDSHIP COUNCIL DE MARCA PROPIA

- **É o primeiro produto en conserva de atún claro baixo marca propia no mercado español**
- **Este novo atún claro en conserva en aceite de oliva de EROSKI baixo o selo azul de 'MSC' xa está dispoñible en toda a súa rede comercial e a través do seu supermercado online**
- **EROSKI ofrece arredor de 40 referencias co selo azul de pesca sustentable 'MSC', nas categorías de conxelados, conservas e frescos**
- **No 2023 EROSKI foi galardoada por Marine Stewardship Council co Premio Mares Para Sempre 2023 e no 2022 na categoría 'Peixerías Certificadas MSC'**

Elorrio, 29 de xaneiro do 2025.- [EROSKI](#) incorporou á súa oferta de peixe sustentable unha nova referencia de atún claro en conserva en aceite de oliva de marca propia con certificación [Marine Stewardship Council \(MSC\)](#) de pesca sustentable, que garante a saúde da poboación de especies capturadas, o impacto positivo da pesqueira no ecosistema mariño e a efectividade da súa xestión. Trátase da primeira conserva de atún rabil (*Thunnus albacares*), popularmente coñecido como atún claro, baixo marca distribuidor do mercado español.

Este atún comercialízase baixo a marca EROSKI en estoxo de 3 unidades de cartón reciclable cun peso total de 276 gramos netos. Este novo atún claro en conserva en aceite de oliva de EROSKI baixo o selo azul de 'MSC' xa está dispoñible en toda a súa rede comercial e a través do seu supermercado en liña.

O atún claro é recoñecido pola súa textura suave, sabor delicado e os seus beneficios nutricionais, pois é unha excelente fonte de proteínas de alta calidade,

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



omega 3, vitaminas e minerais. Grazas ao aceite de oliva co que se conserva, o produto ofrece un sabor equilibrado e enriquecese coas propiedades saudables deste aceite, especialmente coñecido polos seus beneficios para a saúde cardiovascular.

Entre os beneficios de elixir o atún claro en conserva en aceite de oliva de EROSKI co selo azul de 'MSC', cómpre salientar os seguintes: a súa alta calidade nutricional, que achega nutrientes esenciais que contribúen á saúde do corazón e do cerebro; o aceite de oliva, ingrediente clave na dieta mediterránea polas súas propiedades saudables; que provén dunha pesca sustentable e responsable; e mais a súa versatilidade na cociña, pois é perfecto para unha ampla variedade de receitas.

"EROSKI está comprometida desde sempre coa saúde e benestar dos consumidores, e ofrece produtos que non só cumpren cos máis altos estándares de calidade, senón que tamén apoian unha alimentación equilibrada e deliciosa. O atún claro en conserva en aceite de oliva co selo azul de 'MSC' é un claro exemplo do esforzo da organización por ofrecer alimentos saudables, sostibles e respectuosos co medio natural", afirma Carmen Guelbenzu, directora comercial de área.

"Con esta incorporación EROSKI reforza o seu compromiso coa pesca sostible e MSC. Esta conserva de atún claro co Selo Azul de MSC, preséntase como a primeira proposta baixo marca distribuidor do mercado español, establecendo un importante fito que esperamos que axiña sexa seguido polos outros distribuidores do mercado español", comenta o responsable sénior comercial de MSC España e Portugal, Alberto Garazo.

Política Sustentable de EROSKI

Con este novo produto, EROSKI incrementa a súa marca propia certificada en pesca sostible MSC, ofrecendo preto de 40 produtos con este selo sostible. Entre eles figuran o bonito MSC Seleqtia, a anchoa do Cantábrico MSC Natur, o bonito Natur

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



MSC, o filete de pescada EROSKI, divinas do mar Basic ou os lombos de bacallau EROSKI.

A incorporación de produtos pesqueiros certificados é un dos principios que sostén a Política de Pesca Sostible de EROSKI. Neste sentido, no 2023 a empresa foi galardoada por MSC (Marine Stewardship Council) co Premio *Mares Para Sempre* 2023 e no 2022 na categoría '*Peixerías Certificadas MSC*', polo seu labor pioneiro no fresco por xunto con Selo Azul, actividade moi vinculada á frota vasca certificada. A cadea de custodia MSC abrangue 461 mostradores de peixería nas insignias EROSKI e Caprabo e 8 plataformas loxísticas, unha aposta que se mantivo mesmo nun contexto de pandemia que tantos retos supuxo nesta categoría.

A acreditación de pesca sostible 'MSC' audita o caladoiro e mais as empresas implicadas en todo o proceso de manipulación do peixe, de xeito que se garanten a rastrexabilidade e as boas prácticas en toda a cadea de custodia. Os factores que 'MSC' ten en conta para distinguir unha pesqueira coa ecoetiqueta azul son a situación do stock (saúde, cantidade de peixe e sustentabilidade), o impacto no medio natural (capturas accidentais doutras especies, aves que morren durante a pesca e impacto sobre o fondo mariño) e a xestión do proceso integral, desde a captura ata o mostrador da peixería.

Sobre Marine Stewardship Council (MSC)

É unha organización internacional sen ánimo de lucro que establece unha serie de estándares, mundialmente recoñecidos, en materia de pesca sostible e cadea de custodia de produtos pesqueiros. As pesqueiras que participan no seu programa de certificación representan un 19% das capturas mundiais que se realizan no mar. 'MSC' opera o único programa de ecoetiquetado para pesqueiras de captura salvaxe [consistente co Código de Boas Prácticas de ISEAL](#) para a Fixación de Estándares Sociais e Medioambientais. Estas directrices baséanse no [Código de Conduta de FAO para a Pesca Responsable](#).

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español —desde Galicia a Baleares— cunha cota de mercado do 12,8% nesa zona; é líder no País Vasco, en Navarra e en Galicia e colíder en Baleares. A súa rede comercial, a peche do 2023, elévase a 1.533 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña; conta ademais con gasolineras, tendas de deporte e outros negocios non alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)